

YÁÑEZ JATO, Rafa (2021): *El retrato*. Madrid: Altolibros, 88 pp.

Os sesenta breves relatos que podemos ler como independentes configuran *El retrato* de Rafa Yáñez. O autor ademais de ser un consagrado poeta bilingüe galego castelán, tamén o é noutros ámbitos culturais como membro importante do desaparecido Grupo Bilbao, subdirector da revista galega de poesía *Olga*, ou director do *Fanzine Baladí* da Universidade Complutense de Madrid.

El retrato é a súa estrea no xénero narrativo onde o autor intenta reconstruír o mundo e a vida dos maquis e moito máis. Rafa Yáñez tamén recupera anacos de memorias, individuais, familiares ou colectivas, atrapados no subconsciente e que, en pequenas doses, se foron transmitindo de forma oral. Así, o autor aborda a emigración e o exilio xunto con historias caladas durante moito tempo pero non esquecidas para os que a sufriron porque: “Lo peor de esa época no es lo que sabemos o lo que se cuenta. Son las historias silenciosas de la gente” (p. 71). Por outra parte, *El retrato* esperta vivencias e recordos similares que poidan ter vivido ou escoitado familiares de calquera de nós.

Os relatos progresan entre os papeis da carpeta, a memoria de Pepe e a individualidade do narrador. Ao carón destes documentos, destacan outros textos literarios de diferente xénero como o poema de amor (“paseando con R.M.”), o poema político (“La Vidriera”) ou epistolarios como a carta de Fabio a seu pai.

Da mesma maneira que o personaxe de Pepe funciona como soporte do fio narrativo, o autor, verte pingas de ficción e realidade.

Estes relatos tal e como escribe o prologoista do libro, Marcos Roca, “admiten, como lo hacen las buenas obras literarias, múltiples lecturas (...) pero, sobre todo, estos cuentos pueden leerse como el relato histórico de una época injustamente olvidada y tachada” (p. 7). Nos relatos abundan as elipses temporais, de aí que sexan contos abertos, historias dramáticas

con suspense e, sobre todo, con gotas de misterio intencionado polo autor. Sería o caso da relación do reloxo de “Fabio” co de “Don Luís”, e a de “Un molinero” coa documentación encontrada na carteira.

Como adiantamos, é posible trazar o mapa da loita dos maquis, dos enlaces, dos guerrilleiros e guerrilleiras antifranquista que, seguindo a ruta do libro, concéntranse nas zonas próximas A Coruña (montes de Bocelo, terras de Toques, Fraga do Eume, Sueiro, Culleredo), comarca de Ferrol (Neda) e Lugo (Friol, Sarria, Outeiro de Rei e Montes de Lourenzá).

Por esa cartografía desfilan múltiples personaxes de diferentes profesións e oficios de diversos ámbitos como: boticarios, practicantes, mestres e mestras, fotografías, canteiros, muiñeiros, gardarríos, curtidores de coiro, zahorí buscador de auga ou campesiños.

Á parte de presentarnos diferentes figuras, como a dos escapados, o autor presenta diversos personaxes de diferente ideoloxía. É o caso de Marcos, infiltrado no teatro como enlace da resistencia republicana e amigo persoal de Celia Gámez. Da mesma maneira que nos presenta o fondo humano oculto do cura Elpidio que á noite deixaba igrexas abertas para que os escapados se gardasen. Pola contra en “La partida de Neira” describe a angustiada personaxe de Rosenda, unha mostra do mal trato ao que foron sometidas as mulleres vencelladas á actividade política, polo feito de ser muller, noiva, nai ou filla de *rojo*. Deste xeito, relaciona os enlaces coas Partidas, e cos partidos políticos como PC, Partido Galleguista, Agrupación Guerrilleira de Galicia ou UGT.

Por outra banda, os personaxes poden moverse en espazos privados onde ocorren desenlaces equívocos como o paquete entregado a Inés, o sufrimento interior e as causas descoñecidas que empuñan a unha muller nova ao suicidio. Neste sentido, é salientable o tino e delicadeza con que Rafa Yáñez trata os feitos

das persoas que son censuradas e repudiadas pola sociedade, tal acontece co personaxe de Cirilo desertor dos dous bandos.

Resulta un goce a lectura da prosa poética de Rafa Yáñez, máis que evidente en textos como “En la Noche”: “Las sombras de los árboles intimidan con su leve sentimiento. Los reflejos de la luna asustan y el tiempo parece detenerse. Es en ese momento en el que puede oírse realmente el silencio” (p. 71). Imposible, unha vez iniciado o libro, deixar de mergullarnos ata o final en *El retrato...* pola honestidade intelectual da visión humana con que o autor tratou cada unha das historias.

Carmen Blanco Ramos
ramablanca@yahoo.es